

PUBLICAR
E
COMPARTIR
DATOS
DE
INVESTIGACIÓN

{ **GUÍA PRÁCTICA** }
{ FEBREIRO 2020 }



Servizo de Biblioteca Universitaria
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Nos últimos anos hai unha tendencia a facer públicos os datos de investigación, en parte promovida polas axencias financiadoras, e en parte requirida polas novas oportunidades que ofrecen as tecnoloxías para acadar novos logros coa reutilización.

QUE SE GAÑA COMPARTINDO OU PUBLICANDO?

- ▶ Maior prestixio porque hai transparencia nos datos e nos resultados, contribúese á ciencia reproducibile e axuda á comprensión do traballo realizado.
- ▶ Incremento das posibilidades de cita, xa que os datos poden recibir citas e ao estar relacionados cunha publicación esta tamén incrementa a súas posibilidades de ser citada.
- ▶ Incremento do impacto e do interese da investigación que está a facer cada investigador ou investigadora.
- ▶ Maior número de posibilidades de atopar novos colaboradores e incrementar o uso potencial dos datos acadados na investigación.
- ▶ Cumprir cos mandatos dos financiadores.
- ▶ Atender ás peticións de envío de datos ás revistas académicas para que poidan facilitar a tarefa aos revisores.

FONTES NAS QUE PUBLICAR

As principais fontes nas que publicar e compartir datos de investigación son: repositorios, revistas de datos, revistas académicas tradicionais que admiten datos e redes académicas, webs ou wikis.

REPOSITARIOS

O depósito dos datos nun repositorio garante a súa preservación e a difusión. Ademais é un requisito esixido por algúns financiadores.

A Unión Europea esixe depositar nun repositorio en aberto os datos de investigación que se empreguen para publicar un artigo científico resultado dun proxecto do Horizon 2020. Os datos que se depositen serán tan abertos como sexa posible e tan pechados como sexa necesario con fin de garantir os dereitos das persoas, a protección de patentes e o uso ético dos datos.

Para facer o depósito pode elixirse un repositorio temático ou multidisciplinar ou ambos.

Para atopar un repositorio temático axeitado é conveniente consultar estas dúas fontes: www.re3data.org e www.fairsharing.org.

Entre os repositorios multidisciplinares recomendamos publicar os datos en [zenodo](https://zenodo.org): a Universidade da Coruña ofrece **unha comunidade** para que o seu persoal investigador deposite conxuntos de datos. O seu uso é sinxelo e entre as súas características destacan:

- ▶ Ofrece un DOI a cada dataset e a cada unha das súas versións.
- ▶ Garantía de preservación: 20 anos.
- ▶ Permite hasta 50 GB por dataset, para medidas superiores pódese contactar con eles.
- ▶ Pódese depositar o mesmo conxunto de datos en varias comunidades. Na comunidade institucional e nunha comunidade que teña datos semellantes.
- ▶ Permite variedade de licenzas. A licenza por defecto é a CC BY 4.0 International. Se queremos usar outra hai que indicar que o acceso aos datos é restrinxido e especificar nas notas a forma para o acceso.

REVISTAS DE DATOS

As revistas de datos contan coa revisión de pares e adoitan publicar os conxuntos de datos acompañados dun resumo, unha introdución e unhas pequenas conclusións.

O **Finnish Committee for Research Data** ofrece un directorio con este tipo de revistas.

REVISTAS ACADÉMICAS

Cada vez son máis as revistas que piden os datos empregados na redacción dun artigo de investigación para facilitar o traballo dos revisores e garantir unha maior calidade nas publicacións.

REDES ACADÉMICAS, WEBS OU WIKIS

Unha vez depositados os datos nun repositorio fiable podemos ofrecer a ligazón a eles a través de redes académicas como ResearchGate, páxinas webs institucionais ou de proxectos, wikis ou comunidades de software aberto.

CITAR OS DATOS

Unha boa forma de potenciar a utilización e a difusión dos datos é citalos correctamente. DataCite.org establece como elementos básicos para citar os conxuntos de datos:

Creador. Data. Título. Identificador.

Para axudarnos coa tarefa de citar, DataCite deseñou **DOI Citation Formatter**, ferramenta que ao poñer o DOI elabora a referencia nos estilos de cita máis empregados.

Para calquera consulta sobre este tema lembra que podes contactar coa BUDC a través do correo electrónico **ruc@udc.es** ou acudindo á túa biblioteca.



Licenza CC BY 4.0 Internacional.
Elaborado por Carlota Balsa Sánchez.